



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

“PREGO DE CONDICIONS TECNICAS QUE REXERA A CONTRATACION DO SERVIZO DA “ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA” DO CONCELLO DE MORAÑA”.

1ª.- A prestación do servizo e a impartición das clases levarase a cabo nas instalacións da Casa de Cultura A.D. Rodríguez Castelao de Santa Lucía, no período escolar dos meses de setembro a xuño, de luns a sábado, en horario fóra da xornada escolar e para un número de 65 alumnos.

2ª.- Serán por conta do adxudicatario tódolos gastos de dirección, xestión, nóminas, organización de horarios, contratación de persoal, seguridade social e todo o relativo aos gastos de profesorado e organización da escola.

O profesorado contratado terá que dispoñer de titulación oficial (medio ou superior) e o adxudicatario deberá presentar no mes de setembro de cada ano a relación de profesores contratados, cunha copia dos contratos de traballo, alta na seguridade social e título oficial de cada un deles.

Se houber algunha modificación de profesorado durante o curso escolar, deberá presentar a documentación citada anteriormente.

Igualmente á finalización do curso escolar, presentará os partes de baixa na seguridade social de todo o profesorado.

3ª.- As clases de instrumento constarán dunha sesión semanal individual coa seguinte duración segundo a idade dos alumnos:



C O N C E L L O

DE

MORÑA

- a) Para alumnos menores de 8 anos de idade, ás clases serán de 30 minutos.
- b) Para os alumnos de 8 a 11 anos de idade as clases serán de 45 minutos/mínimo.
- c) Para alumnos a partir de 12 anos de idade as clases serán de 60 minutos.

4ª.- Os alumnos de instrumento terán unha clase colectiva semanal de conxunto instrumental de 1 hora.

5ª.- Os alumnos de instrumento terán unha clase colectiva semanal de linguaxe musical de 1,30 horas.

6ª.- Os alumnos de música e movemento terán 2 clases semanais de 45 minutos.

7ª.- Os instrumentos que se ofertarán serán: Piano, Guitarra, Fruta, Clarinete, Saxofón, Tuba, Trompeta, Trombón, Trompa, Bombardino, Percusión, Acordeón Diatónico, Zanfona, Violín, Canto e Violonchelo.

Morña, 15 de xuño de 2015

A Animadora Cultural e Deportiva



María Luisa Arneal Hermida